

DE CONVERSA

Pepe o Ruibal, un home que se fixo a si mesmo


*Isidoro González Paz
Jaime Iglesias González*

Un mércores pola tarde, achegámonos á casa de José Piñeiro Ruibal, coñecido entre nós por Pepe o Ruibal, home tranquilo e de fala pousada. Acomódanos no amplo salón onde exhibe con orgullo uns cadros con motivos arquitectónicos (un pazo, a igrexa de Lérez, San Francisco) que o seu amigo, Ricardo de Portas, plasmara en lenzos alternando coa profesión de albanel. Pepe, que naceu o 3 de xaneiro de 1923, séntese de Lérez ata os miolos, a pesar de que a zona onde vive pertence agora á igrexa de Santiago Peregrino.

- Meus avós e meus pais eran de Lérez, eu nacín e crieime en Lérez e os meus fillos tamén. En Lérez están os principais edificios que fixen, testemuño da miña forma de construír e futura lembranza da miña persoa.

Ó pouco de comezar a falar tivemos a impresión de que Ruibal foi maior dende neno. Morreulle o pai cando só tiña cinco anos, traballou nas leiras dende pequeno e, ós dezaseis anos, a nai díxolle que collese o mando da casa. É dicir, as circunstancias enfrontárono axiña á realidade da vida. Con todo, non deixou de ir á escola, pois, presentindo a necesidade de saber para ter un futuro, non perdía as clases. Incluso, moitas tardes que tiña tarefas agrícolas, escapaba para a escola pola parte de atrás da horta. Comezou a aprender con dona Serafina no Socorro e con dona Josefa Abilleira na Gándara; despois andou na *escuela nacional* da Pedra Picada, pero non dubida en afirmar que onde verdadeiramente se formou foi no grupo escolar que daquela existía onde hoxe está o Parador de Turismo.

- Había varias clases e varios profesores, pero ó meu, a don Alfredo, (pai dos García Alén)



débolle todo o que son. Era a época da letra con sangue entra, pero con el aprendín matemáticas e debuxo xeométrico que me axudaron moito nas miñas actividades profesionais.

A pesar de abandonar os estudos ós catorce anos para axudarlle con maior intensidade á nai, Pepe sempre foi considerado un alumno avantaxado. Mesmo de maior, os seus amigos utilizaban as súas cartas para resolver dúbidas ortográficas.

Seguindo a tradición familiar, comezou a traballar de carpinteiro ós dezasete anos, no agora desaparecido cuartel de Campolongo, que daquela se estaba a facer. Aprendeu axiña o oficio, do que leva imborrables marcas nas mans, destacando na colocación de portas e no deseño de escaleiras.

- En certa ocasión, Lisardo, empresario con quen traballei algún tempo, mandoume marcar unhas escaleiras que había que construír nun pequeno oco. Aquela noite non durmín, pois nunca me vira en tal apuro. Pero de alí a tres días, despois de medir as da casa, de facer varios debuxos a escala e de romper ben a cabeza, dei conta do recado. Dende entón cando había que facer unhas escaleiras, tiñaas que facer Ruibal.

Non tardou moito en montar a súa propia carpintería onde xa a tiveran o avó e o pai, na que chegou a facer fermosos mobles de castiñeiro que el mesmo tallaba. A mesa con cadeiras e dous chineiros de requintada talla, que nos ensina con fachenda no salón, son unha mostra da súa etapa de tallista. Pero nin a ebanistería nin a carpintería rendían moito daquela, pois a competencia era grande (só no

Socorro había tres carpinterías), así que decidiu ampliar o ámbito do seu traballo, iniciándose na construción. A primeira contrata de Ruibal foi a cantería e carpintería dunha casa que Pura Caramés fixo na avenida da Coruña.

- Para facer carpintería e cantería son necesarios os mesmos principios: nivel, escuadra e "plomada". Os cálculos de materiais fanse do mesmo xeito e, se se aplican as matemáticas e se dominan as escalas, non hai choio que se resista.

Toda unha síntese construtiva. Pero a ela, Ruibal uníalle unha apreciable intelixencia e moita constancia e decisión. Fixo despois varios edificios en Pontevedra para consagrarse como construtor no Socorro, onde promoveu, e construíu varias obras como o "edificio Lérez" ou o "edificio Ruibal", nome que lle puxo en honra do seu avó. Todos eles quedarán aí como mostra da súa sólida práctica construtiva e da súa honradez empresarial.

- Ten ocorrido que, estando aínda coa cimentación dun edificio, xa me preguntaban polos pisos. Teño construído en terreos cun simple acordo verbal co propietario e algunhas veces fixen vendas a prazos sen asinar ningún papel co comprador. Sempre cumpriñ coa palabra e nunca tiven grandes dificultades para cobrar.

Cando lle preguntamos polos seus hobbies, responde sen vacilar que *nunca tivo tempo para pasatempos*, que o seu sempre foi traballar.

- Se unha fin de semana chovía, era un motivo de preocupación, pois non se podían facer as faenas do campo e, como pola semana había que ir ó taller ou á obra, se cadra, despois xa era tarde.

Pero, a pesar desta rotunda afirmación, Ruibal tamén se divertiu. Gustáballe ir de caza pola Caeira e xogar partidas de brisca de seis, nas que controlaba as cartas perfectamente. Desfrutaba coas películas de vaqueiros que vía, especialmente na sala *Exploradores* e coas saídas en bicicleta que, como non tiña unha propia, alugaba na de

Morales ou na do *Portugués*. Ademais, de novo, os domingos pola tarde, bañábase e xogaba ó fútbol nas Xunqueiras.

- As xunqueiras foron unha fonte de riqueza para os campesiños de Lérez, pois proporcionaban pasto para os animais e xunco para estrumar as cortes. E nas xunqueiras iniciáronse futbolistas coñecidos como Foro, Ernesto ou Carolo.

Recorda que de pequeno había comparsas de reis e do entroido e aínda non esqueceu a letra dunha que, dirixida por Tino o Chapela, viña cantando por Lérez arriba:

*Somos marinos leales
que hoy venimos a tierra
a pasar los carnavales.
al pisar en tierra firma
sentimos gran alegría
porque estamos libres
de la odiosa monarquía.
La patria española sin rey,
la marina dispuesta a luchar
porque es nuestra libertad
la señera tricolor*

Pepe fálanos da Sociedad de Agricultores de Lérez, a primeira de Galicia, e da *Caixa Rural de Lérez*, entidade cooperativa e de crédito, modelo avanzado de axuda ós agricultores, que viu tronzadas as súas arelas coa guerra civil.

- Eu de neno facía de "lazarillo" de meu avó, Manuel Ruibal, un dos organizadores destas sociedades, e acompañábo á Pedrapicada (onde empeza o túnel), á sede da Sociedade de Agricultores. Era un local alongado con bancos ós lados e, ó fondo, unha tribuna para a presidencia. Por el souben que a Caixa Rural era moi beneficiosa para os campesiños e que foi unha pena que fose cerrada ó estalar o "movimiento". Ó principio, esta entidade estivo nun local alugado a Juan o Peligro, pero non tardaron moito en construír o edificio propio (hoxe farmacia) que foi hipotecado pola Caixa de Vigo que o vendeu en poxa ó do comercio da Modernista de Pontevedra que lla alugou ós de Vazquez Lescaille. Un destes foi concelleiro.

Poucos anos despois créase *Juventud Lerezana*. Dela lembra Ruibal que, na construción do seu local social, veciños, coma Alejandro Dios, Benigno o Marcelo, Manuel Dios e outros, traballaban os sábados para construílo. Houbo quen deu diñeiro e non faltaron os que puxeron materiais. El mesmo, co carro de bois da casa, foi buscar ó Magueiro area para o local en construción, acompañado de Juan Piñeiro. Tamén recorda que na inauguración organizaron un baile infantil no que estivo presente. Os rapaces e rapazas da súa idade dábanlle un xeito a bailar, pero el non facía máis ca tropezar, pois era a primeira vez que se vía en tal apuro.

Despois tomoulle gusto ó ritmo e agradáballe bailar nas festas (Marcón, Xeve, Mourente...) Coméntanos que daquela había máis festas ca hoxe. Só en Lárez, ademais das do patrón, celebrábanse as de santa Lucía, san Sebastián, san Bieito... Tamén acudía ós bailes de Mourente (La Paloma), Mollavao (López, Moldes) Campañó (Cochón, Ventura), Poio (Cuba, Viso, Golondrinas)..., recordando que antes de entrar ó salón, era frecuente tomar bocadillos de *patagullo* regados con viño do país.

Medo é a palabra coa que Pepe resume a situación que viviu ó estalar a guerra de 1936. Só tiña trece anos, pero non esqueceu aínda os avións botando propaganda, nin os ruídos das metralladoras, nin a xente fuxindo aterrorizada dende as leiras para as casas. Pero máis medo, indignación e tristura sentiu cando lles chegou a noticia da morte do seu único irmán, Ángel, que con só 18 anos, morrera na fronte de Barcelona. Acórdase dos de Lalín que viñeron liberar Pontevedra dos mal chamados nacionais, sen poderen conseguilo. Segundo Ruibal, medo tamén era o que tiña a xente nos anos que seguiron ó golpe militar: houbo escapados como Manolo Gama ou Manolo o Candiña, encarcerados coma Manuel Calvo ou o Laracho, fusilados coma Faustino Gama ou Juan Magdalena e moitos veciños foron asoballados e detidos pola garda civil, pola

simple suposición de non seren simpatizantes do novo réxime. Ademais falamos dos paseados pola Caeira, da mala situación dos presos do Lazareto, na illa de San Simón, e da represión da garda cívica, encargada de perseguir as persoas sospeitosas de defenderen a república.

- Tamén houbo veciños de Lárez que se fixeron cívicos, disque por medo. Pero ese medo non era comparable ó que sentía a xente diante a súa presenza, como me pasou a min, un día ás cinco da tarde, cando viña cun carro de toxo e apareceron uns deses "milicianos" e tivemos que parar ata que pasaron os seus coches.

Pepe recorda que cando tiña vinte ou vinte e cinco anos, ou se cadra máis, todo era unha miseria. Os alimentos estaban racionados e só se conseguían mediante unha cartilla que cada familia tiña asinada. Había pouco traballo, a xente pasaba fame e moitos morrían do pulmón (tuberculose). Nas aldeas só se obtían ingresos pola venda do excedente de viño ou dalgunha res de cría.

A xente de porto de mar viña polas aldeas con peixe para cambiálo por pan de millo, millo ou fariña para facer pan. Ían ata Couso e, se facía falta, chegaban ata Campo Lameiro. Non había aceite e fritíase o peixe con unto ou comíase asado. A roupa andaba escasa. Eu vin unha muller con saias de saco tinguido. Aquilo era a miseria que trouxeran as guerras, a guerra civil española e a mundial.

Foi agradable falar con Pepe o Ruibal, home que se fixo a si mesmo. Austero. Nunca tivo un automóbil e cando lle roubaron a bicicleta non volveu mercar outra. De traballar no campo converteuse nun construtor de prestixio, despois de pasar por carpinteiro e ebanista. A súa dedicación ó traballo permitiulle dirixir e controlar con acerto os diferentes aspectos da súa empresa, desde interpretar os planos ata levar a contabilidade que, dito sexa de paso, facía sen calculadora.